



## Concello de Baiona

---

### Medalla de Ouro. Erizana C.F.

**Baiona, 05 de agosto de 2020**

#### **Medalla de Ouro | Erizana C.F.**

O Erizana, nome que representa a raza, o orgullo e do "manda Baiona" do recinto fortificado que acolleu as xentes bravas que intentaron repeler aos romanos.

Erizana, nome deste pobo ata que Alfonso IX outórgalle a vila o nome de Baiona.

Erizana, que naceu antes que a propia Baiona.

O Erizana C.F. comezou a súa andaina en 1950 da man dos seus fundadores, o Pai Fernando Muñoz Arousa e Victorino Goce Carballo. O Club fedérase en 1951 co nome de C.F. Xuvenil Erizana, e comeza a competir no campionato de zonas, onde acadou varios títulos e copas. Os seus primeiros partidos xogounos no campo da Palma, ata a construción do Parador de Turismo conde de Gondomar onde o club viuse obrigado a disolverse no ano 1965.

En 1977 fundouse o "Trueno de Baiona" baixo a presidencia de Jose María Besada, e construíuse o campo de Santa Marta, na praia da Ladeira. Ao ano seguinte o equipo retomou o nome de Erizana CF.

Actualmente o Erizana C.F. xoga nos campos de Val de Martín, inaugurado no ano 1994 cun partido fronte ao S.D. Compostela e tamén no Aral-Fontiñas inaugurado no ano 2005.

O seu escudo e o himno representa a esencia dun pobo mariñeiro, loitador por necesidade e acostumado a remar contracorrente. O Erizana é un club modesto, unha gran familia na que xogadores, directivos e pais e nais reman na mesma dirección para sacar este barco adiante. Sempre foi así, un club sustentado nas ilusións e enerxías de grandes xogadores e directivos da zona.

Actualmente e despois de anos de moitas dificultades económicas, o Club atopase saneado e especialmente estable o que lle permitiu nos últimos anos crecer na estrutura deportiva e social, converténdose en pioneiro á hora de complementar a formación non soamente futbolística dos seus xogadores senón abarcando tamén outras áreas de desenvolvemento como a nutrición e saúde integral dos rapaces.

A conciencia social dos nenos e a integración do entorno no que viven como áreas de traballo do Erizana, fai que sexa habitual ver nos campos de Baiona, accións de contido social tan variadas coma a loita contra a violencia de xénero, loita contra os lumes, plantación de árbores autóctonas, campañas de recollida de alimentos ou promoción do comercio local.

Parte desa filosofía levou ao Club a poñer en marcha tamén torneos de relevancia nacional, así como o Torneo Integra para xogadores con discapacidade intelectual.



## Concello de Baiona

---

### Medalla de Ouro. Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)

Baiona, 05 de agosto de 2020

#### Medalla de Ouro | Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)

O Instituto de Estudos Miñoranos constitúese en asociación en Nigrán o 27 de outubro de 1999 co obxectivo de promover, fomentar e realizar aquelas accións voluntarias orientadas ao estudo, investigación, conservación, mantemento, divulgación e defensa de todos aqueles valores históricos, artísticos, antropolóxicos, etnográficos, naturais, etc., que dan contido de seu e singularidade á comarca do Val Miñor, Galicia e concretamente á Real Vila de Baiona, cunha atención especial á defensa e promoción da lingua galega.

Estrutúrase nas seguintes seccións de traballo:

- Xeografía e Historia. Arqueoloxía e Etnografía.
- Filoloxía e Literatura.
- Arte, Arquitectura e Urbanismo.
- Ciencias Físico-Naturais e Estudo do Medio.
- Arquivo fotográfico e Fonográfico.
- Arquivo de documentación.
- Toponimia,
- Biblioteca.
- Teatro.

Leva a cabo un sin fin de actividades entre as que destacamos, actos, xornadas, seminarios, cursos, encontros, exposicións, mesas redondas, estudos, publicacións, noticias, traballos de investigación, etc.

Dispón dunha Biblioteca propia que co tempo estase a converter nun referente bibliográfico no Val Miñor.

Publica unha revista anual (REM) sobre o Val Miñor recollendo as actividades desenvolvidas anualmente.

Publica obras que estuden os diversos aspectos do Val Miñor e obras de creación literaria de autores nados ou afincados no noso Val Miñor e Baiona.

Organiza viaxes, xeirás, visitas, andainas, actividades educativas para dar a coñecer todos os valores do Val Miñor e outros lugares de interese vinculados con este.

Promoción de premios que estimulen a creatividade. Vela pola defensa do patrimonio material e inmaterial do Val Miñor e da súa contorna, prestándolle asesoramento aos concellos que o precisen.



## Concello de Baiona

---

Polo ámbito comarcal do IEM, cabe salientar ademais, a colaboración estreita que mantivo dende a súa fundación có Concello de Baiona.

O Instituto de Estudos Miñoranos ten aportado á Vila de Baiona un valor cultural máis aló da investigación histórica, canalizado a través da súa multidisciplinaridade, da cultura e o patrimonio baionés. Sinalar que se trata dunha institución aberta a Baiona, o que xustifica plenamente esta concesión porque é unha institución que se envorca, abríndose a sociedade polo que é digno de eloxio e de recoñecemento por parte do Concello, polos méritos cultural á Baiona e ós seus cidadáns, salientando os fins entre os que destacan a promoción e o fomento da nosa cultura.



## Concello de Baiona

---

### Filla Adoptiva. Marie Savariau Dreno

**Baiona, 05 de agosto de 2020**

#### **Filla Adoptiva | Marie Savariau Dreno**

Marie Savariau Dreno naceu o 23 de maio de 1955 en Varades na Loira Atlántica da que o seu pai foi alcalde durante 18 anos. Pertence a unha familia numerosa, é a novena de dez irmáns, sei homes e catro mulleres.

Coñeceu a primeira galega con apenas 11 anos cando marchou a estudar a Nantes e entablou amizade con Pilar de la Esperanza de Pontedeume (Ferrol). Durante 4 anos seguidos pasaba unha quincena en Pontedeume e outra en A Guarda, onde participaba nas Festas do Monte Tecla vestida de galega. O avó de Pilar era o presidente do Monte e fixo reconstruír unha casa subindo a dereita onde todos os días, adoitaban xogar despois da praia. Comenzaba pois a medrar o amor que sentía Marie por Galicia, pola nosa cultura, tradicións, e costumes.

Comenzou a carreira de licenciatura española a que se lle debe o seu bo falar en español. Tivo 6 fillos que están moi vencellados coas raíces baionesas xa que dende moi cativos pasaron longas estadias de tempo con familias baioneses e actualmente os fillos dos fillos, e dicir os seus netos, seguen os pasos da súa avoa establecendo amizade e lazos con familias baionesas.

No ano 1994 entrou a formar parte do comité de Irmandamento de Pornic, que nese intre buscaba un pobo co que irmandarse. Foi un elemento moi activo e entusiasta de dito comité e

comezou a traballar no asunto con visitas a Madrid e consultas a varios organismos e institucións españolas. Non foi nada doado.

No ano 1996, recibía xunto coa primeira tenente de alcalde de Pornic, Catherine Pasquier, á delegación de Baiona encabezada polo alcalde de por aquel entón, D. Manuel Vilar Márquez, que desprazábase a Pornic para acadar información e ver os lazos e nexos de unión para irmandarse con esta vila de La Loira Atlántica.

A partir dese momento, establécense as condicións para que ditos municipios se irmandaran e foi en marzo de 1997 cando viaxou por primeira vez a Baiona con motivo da firma da carta de Irmandamento. Iba acompañada do alcalde de Pornic, Philippe Boënnec (tamén fillo adoptivo de Baiona) e Catherine Pasquier primeira tenente alcalde. Marie actuou durante todo o tempo de intérprete, comezando unha etapa na que durante os seguintes anos ata a actualidade, mantivo moita relación con institucións e a veciñanza de Baiona, organizando intercambios culturais, comerciais e educativos entre centros escolares das dúas vilas irmandadas.

Actúa sempre como anfitrioa dos baioneses e baionesas que se trasladan a Pornic, tanto nas visitas oficiais como privadas, así como de tradutora de español en Baiona nos actos oficiais nos que está presente a Vila de Pornic.

Consegue coas súas actuacións xerar vínculos ente familias e organizacións que se manteñen e perduran no tempo, pasando de xeracións en xeracións.



## Concello de Baiona

---

Entusiasta da Vila de Baiona, procura pasar o maior tempo posible nela e contaxia ese entusiasmo a súa familia e a moitos cidadáns de Pornic.

E, polo tanto, a persoa que con máis arela e afervoamento, impulsou as relacións de amizade, fraternidade e cooperación entre a vila de Baiona e Pornic dende fai 24 anos.



## Concello de Baiona

---

### Fillo Adoptivo. Román Pereiro Alonso

**Baiona, 05 de agosto de 2020**

#### **Fillo Adoptivo | Román pereiro Alonso**

D. Román Pereiro Alonso, nace en Vigo no ano 1933. Estuda a carreira de Medicina na Universidade de Santiago onde licenciase no ano 1956. Amplía estudos en Madrid e París

nos campos da fitopatoloxía e a anatomía patolóxica e comeza o seu desempeño profesional na clínica paterna, na viguesa Praza da Constitución.

Dende moi novo desenvolve polo arte unha paixón como coleccionista, crítico e dinamizador cultural paralela a da súa profesión. Foi un dos principais promotores de Atlántica, a confluencia de artistas que de 1980, na Casa da Cultura de Baiona, a 1983 da un impulso renovador ás artes plásticas do país, perceptible aínda hoxe nos novos creadores.

Atlántica atopa en Baiona, fai corenta anos e grazas a Román Pereiro, as condicións físicas e culturais propicias para concretar aquela eclosión creativa, manifestación e xermolo dos novos tempos que estaban a chegar. Despois de Baiona, Santiago, Madrid e Vigo son prazas receptoras das diversas exposicións e mostras dos creadores adscritos a aquel fenómeno artístico e sociolóxico.

Do espírito de Atlántica nacería outra gran experiencia cultural de Román Pereiro xunto a súa dona, Malena Lepina, por desgraza falecida recentemente: "Baiona horizonte atlántico", que se desenvolveu dende 1980 a 1992. Pola finca do Toutizal, no Loureiral baionés, deuse acollida ós creadores tanto de diversas xeracións como de ámbitos creativos. Dende Laxeiro ou Torrente Ballester a Antón Reixa e Menchu Lamas; de Din Matamoro a María do Carmen Kruckenberg; de Francisco Leiro a Antón Lamazares.

Dirixiu o museo do Real Club Celta de Vigo. Foi membro do padroado do Museo Municipal Quiñones de León e presidente da Asociación de Críticos de Arte de Galicia.

No ano 2002, a editorial Galaxia reúne no libro *A batalla de Rande, mapas e gravados (1699-1715)* unha das afeccións máis sostidas no tempo por Román Pereiro: a cartografía e os vellos gravados.

Unha boa mostra desta colección expónse, en calidade de préstamo, dende a súa apertura no ano 2015 na Casa da Navegación de Baiona, espazo museístico onde Román Pereiro exerceu como membro do seu Consello asesor. As obras son:

1. Carta náutica de L. I. Inventor. Autor: Waghenaer. 1583. Papel.
2. Plano da Ría de Vigo, Autor: Vicente Tofiño. 1787. Papel.
3. Carta náutica das *Cotes d'Espagne partie de la Galice depuis le Cap Ortegale jusqu'au Cap Silleiro*. Autor: Vicente Tofiño, 1793.
4. Carta náutica *Paskaart Van Gallisien en Portugal de Finisterre totaen Zurara*. Autor: 4. I. Van Ceulen. 1734.



## Concello de Baiona

---

5. Portulano *Spain and Portugal*. Autor: Tindal. Siglo XVIII.
6. Le Pêtit Falmbeau de la Mer. Guide de pilotes. 1763.
7. Portulano *Vigo de Bayona*, de Pimentel. Siglo XVII.
8. Carta náutica atlántica de Wesr Indians. Autor: J. Seller. 1703.
9. Descripción do *Reyno de Galicia*. Autor: Fernando de Ojea. 1598.
10. Lámina nº 66. Corte dun navío de alto bordo I o primeiro orden. Anónimo. Grabado en cobre. Siglo XVIII.
11. Lámina nº 67. Corte dun navío de alto bordo II. Anónimo. Grabado en cobre. Siglo XVII.
12. Debuxo orixinal dun Proxecto dun galeón. Anónimo. Siglo XVII.



## Concello de Baiona

---

### Lazo de Honra. Pedro Novalbos

**Baiona, 05 de agosto de 2020**

#### **Lazo de Honra | Pedro Novalbos**

Pedro Novalbos, vigués de nacemento, miñorán de adopción, onde dende a década dos 80 ten a súa segunda residencia, Pedro Novalbos sempre estivo vencellado ao mar, tanto polo seu traballo no sector industrial naval como no seu tempo de ocio: a pesca e o mergullo foron as actividades nas que atopou maior satisfacción e que lle proporcionaron coñecementos detallados da súa costa e do seu mar.

En 1986 mergullando na costa de Silleiro, localiza unhas pezas de artillería e sería este achado o que vai a orientar parte de súa actividade durante os seguintes 30 anos.

Enseguida é consciente do valor patrimonial desas pezas antigas e comeza a organizar a súa extracción. Consegue extraer un par de canóns de bronce e tres cargadores ou alcuzas. Estas pezas pasaron do fondo oceánico ao fondo dun almacén do Museo de Pontevedra.

Este importante achado prodúcese nun momento moi anterior á primeira lei de patrimonio cultural de Galicia, de 1995. Pedro tiña claro que estas pezas merecían ser conservadas amosadas nunha exposición dun museo e máis concretamente en Baiona, por ser o lugar onde apareceran e comezou un periplo por despachos diversos reivindicando ese sentido social do patrimonio que é que todos podamos desfrutalo.

O seu empeño alcanza o obxectivo no ano 2015 coa inauguración da Casa da Navegación de Baiona, onde se exhiben estas dúas pezas de artillería, na sala dos naufraxios. O estudo detallado indica que se trata de dous falconetes do século XVI procedentes da galea Zúñiga, que tras regresar da Gran Armada de Felipe II ou Armada Invencible, o 16 de outubro de 1591 é arroxada polo temporal aos baixos de Silleiro, onde se afunde. A galea era un navío de guerra de 40 m de eslora, impulsada a vela e remo, armada con ata 100 canóns, entre eles 20 falconetes e que podía desprazar ata 100 toneladas. Pedro Novalbos aínda non sabía naquel intre que acababa de recuperar os únicos restos que temos da malograda armada.

Ademais, resultado das súas inmersións, tamén depositou neste museo un par de floríns de prata, así como outras pezas técnicas de barcos. Con isto, podemos dicir que todo o que localizou foi depositado.

A xenerosidade de Pedro Novalbos e a súa intachable conciencia social do patrimonio, que o empurrou en todo momento a reivindicar que estas pezas tiñan que ser expostas para o aprecio de todos, son condicións que lle separan de tantos outros cidadáns que igualmente localizan patrimonio somerxido pero que o consideran propio.